



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DEZ DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 10 de abril de 2024, ás 10:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS:

Constantino Fernández Vila
María Josefa Álvarez Bugallo
Raquel Fondo Pérez

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Aprobación das actas das sesións do 15 e do 20 de marzo de 2024

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban as actas das sesións do 15 e do 20 de marzo de 2024 por unanimidade.

2 Aprobación do novo proxecto denominado “Mellora do acceso ó núcleo rural histórico de Balarés, incluído no POS+ 2024

A secretaria le a proposta.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASUNTO: APROBACIÓN DO NOVO PROXECTO DENOMINADO: MELLORA DO ACCESO Ó NÚCLEO RURAL HISTÓRICO DE BALARÉS, INCLUIDO NO POS+2024.

ANTECEDENTES:

A Deputación da Coruña aprobou as bases para participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2024, mediante acordo plenario de data 24/11/2023 e publicado no BOP número 227 do 28 de novembro de 2023.

O Pleno do Concello de Ponteceso, na sesión que tivo lugar o día 07/02/2024, acordou participar no dito Plan, aprobando o proxecto de MELLORA DO ACCESO Ó NÚCLEO RURAL HISTÓRICO DE BALARÉS, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Martín Lema Pose, (COETICOR 2343) e informe técnico xurídico do 2.04.2024 e informe técnico do 2.02.2024 no que se establece como afeccións sectoriais:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

“As actuacións propostas para levar a cabo, que amplían cara o norte o vial preexistente, localízanse no SOLO RUSTICO DE PROTECCION DE ESPAZOS NATURAIS, polo que a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, faise precisa a autorización do Servizo de Urbanismo. Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Xunta de Galicia.

2.- Encóntranse ademáis na zona de afección da estrada DP-6803. O Couto (AC-424) Balarés, polo que a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, faise precisa a autorización previa do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de A Coruña.

3.- Finalmente, as actuacións propostas atópanse localizadas integramente dentro do perímetro do Dominio Público Hidráulico e da Zona de Policía dos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (5,00 - 100,00 m), polo que a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, faise precisa a autorización de Augas de Galicia, Consellería de Infraestructuras y Movilidad, Xunta de Galicia, a través do impreso normalizado modelo “AU113A”.

Unha vez revisada a documentación achegada por parte do concello, a Deputación Provincial fainos un requirimento con data 18/03/2024 sobre o contido do proxecto presentado: MELLORA DO ACCESO Ó NÚCLEO RURAL HISTÓRICO DE BALARÉS, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Martín Lema Pose, (COETICOR 2343), onde dí: <<... Por outra banda, no proxecto técnico, na páxina 5 "Localizaciones y afecciones" indican o seguinte: "Atendiendo a lo expuesto en el artículo 36.2 de la Ley 2/2016 del suelo de Galicia, al tratarse de suelo rústico de protección de espacios naturales, será necesario obtener también la autorización o informe favorable de la **Consellería de Medio Rural de la Xunta de Galicia**, con carácter previo a la obtención del título habilitante municipal".

Deberá aclararse si é necesaria ou non esta autorización e, de ser necesaria, deberá modificar o Anexo V e achegar a correspondente autorización do organismo correspondente xunto co informe de cumprimento de condicións, ou a solicitude presentada>>.

Con data 20/03/2024 este Concello sube á plataforma SUBTEL o novo proxecto onde xa non consta a afectación pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, debido a que se trataba dun erro na redacción deste, de data 20.01.2024

Tendo en conta as competencias da XGL conforme acordo plenario do 13.07.2023

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

1º.- Aprobar o novo proxecto: MELLORA DO ACCESO Ó NÚCLEO RURAL HISTÓRICO DE BALARÉS, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Martín Lema Pose, (COETICOR 2343), asinado o 20/01/2024, cun orzamento base de licitación (con IVE) que ascende a 90.280,04 €,., incluído no POS+2024 e subido á plataforma SUBTEL con data 20/03/2024., dado que se trataba dun erro material na súa redacción.

2º.- Dar traslado deste Acordo á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL

3º.- Comunicar o contido deste acordo ó Concello Pleno na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

O alcalde/ (Asinado dixitalmente)

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

3 Asistencia e asesoramento á Alcaldía no exercicio das súas atribucións

Non hai asuntos.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 10:55h e eu redacto esta acta.

O presidente
José Manuel Mato Martínez

Dou fe. (artigo 3.2 do R. d. 128/2018)
Antía Pena Dorado

*Documento asinado dixitalmente na marxe.